

The logo consists of two stylized, blue, cursive letters 'F' and 'F' intertwined.

Revista do fútbol feminino galego

Número 51 - decembro, 2017

Comarcal Sub'15

Campos de fútbol

**Copa de Europa
2007/08**

**O exemplo
noruegués**

**Contra a violencia
de xénero**

**O chándal da
seleccionadora**

Roberto Ricobaldi: asesor de futbolistas

Editorial



Revista do fútbol feminino galego

Contidos

Editorial	2
Fútbol contra a violencia de xénero ..	3
O perfil: Nair	4
Comprometidas: O exemplo noruegués	6
Vintage: O chándal da seleccionadora.	7
Comarcal Sub'15: Primeira fase	9
Roberto Ricobaldi: asesor de futbolistas.	11
Galegas de Primeira: Novembro	16
Campos de fútbol	18
Técnica de carreira (e II)	20
Nomes e números	22
As competicións: Copa Europa 2007/08	25
Resultados de novembro	27



Revista do fútbol feminino galego

Director:

Carlos Castro Pinhão

Consello de redacción:

Carlos Castro Pinhão

Óscar Losada Castro

Manuel Jiménez Julián

Josu Imanol Jiménez Fandiño

Colaboracións:

Sara Pita Arcones

Verónica Giráldez Costas

David Rodríguez Rey

Capa:

Ricobaldi Soccer Women's

Management

Maquetación:

Revista do Fútbol Feminino Galego

Publicidade:

revistaff@outlook.es

Enderezo electrónico:

revistaff@outlook.es

© Revista do Fútbol Feminino Galego

O remate do mes de novembro ten unha data moi simbólica para a muller e para todos, con independencia do noso sexo. O 25 celebrouse un ano máis o Día contra a violencia de xénero. O deporte non pode ser alleo a este tipo de loitas nun momento no que as cifras mostran que os comportamentos machistas non conseguen ser extirpados da nosa sociedade. En Lugo, desde hai anos, a Milagrosa e a Ferroviaria levan tempo reivindicando a tolerancia cero na violencia contra as mulleres e este ano non podía ser doutro xeito.

Desde hai algunhas campañas, e será unha realidade que se consolide no futuro máis próximo, o fútbol feminino incorporou unha figura, a do axente de xogadoras, que serve para dar un verniz máis profesional. Para aproximar a súa función a todas as xogadoras quixemos que coñecerades a unha das persoas que veñen desenvolvendo este traballo desde hai ano e medio no estado español. Con Roberto Ricobaldi analizaremos a situación do paso ao profesionalismo, os criterios que sosteñen o funcionamento do seu proxecto e falaremos de porcentaxes e de criterios na elaboración de contratos. Noruega, liderando o tradicional avance social que representan os países nórdicos, deu un novo paso en materia salarial para equiparar aos internacionais e ás internacionais do país nun momento no que as xogadoras de Dinamarca poden pagar as consecuencias da súa reclamación, nese eido salarial, á federación nacional.

Os campos de fútbol esconden curiosidades. Algunhas só poden ser percibidas polas xogadoras. A partir de agora tamén poderemos percibilas o resto, ou cando menos intuír a interrelación entre os recintos e as deportistas.

Cando pensamos nun partido nunca imaxinaríamos a cantidade de circunstancias que o rodearon. Cunha perspectiva *vintage* coñeceremos as peculiaridades que rodearon a unha das protagonistas principais daquel Galiza-Cataluña celebrado hai dez anos en Balaídos.

No plano competitivo, comezou un novo ano para as comarcais. Cambados, que hai uns meses acolleu as actividades da Revista, segue apostando polo fútbol.

Carlos Castro

Fútbol contra a violencia de xénero



O día 25 de novembro resulta moi especial para os equipos lugueses da S. Cult. D. Milagrosa e a C.U.D. Ferroviaria. Desde hai uns anos eles queren darlle un sentido á súa actividade socio-deportiva nunha data tan importante como o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. A Milagrosa comezou a desenvolver actos na semana previa ao citado día, involucrouse totalmente coa causa e preparou aos integrantes dos seus planteis nunha conferencia impartida por “A Casa da Muller” nas instalacións do Luis López Gorgoso de Lugo.

Na mesma semana, o club mudou a súa imaxe corporativa en todas as súas redes sociais incorporando a cor negra como cromatismo predominante para sumar máis forza ao 25N-LugoEnNegro.

O xoves 23, Belén Regueiro Burgo, de “A Casa da Muller” impartiu unha conferencia para as nosas xogadoras e xogadores, nas instalacións do Luis López Gorgoso, sobre o que significa a instauración dunha data como a do 25 de novembro e a concienciación que a sociedade debe tomar para poñerlle freo á violencia contra a muller.

O venres día 24, o club promoveu por redes sociais unha foto con utensilios do citado día con todas as integrantes do sector feminino da Milagrosa. Asemade realizouse un vídeo mediante o cal faise unha denuncia expresa e sonora rexeitando a violencia de xénero.

O día 25, o propio día da reivindicación da loita contra a violencia de xénero, os equipos femininos

da entidade luguesa vestiron completamente de negro para facer outro xesto solidario repudiando a violencia e portaron unha pancarta de “LugoEnNegro”. A mesma escena repetírona no día seguinte.



Foto: © S. Cult. D. Milagrosa

O pasado mércores, 29 de novembro, unha semana despois de poñer as imaxes corporativas da Milagrosa e da Ferroviaria en negro, recuperaron as cores e mensaxes habituais, rematando así os actos do 25 do mes, á vez que concienciaban a todos os xogadores e xogadoras cada día para que tomen conta do importante que é dar as costas á violencia.



O perfil Nair





Nair foi unha das compañeiras que coñecín no primeiro ano de Fútbol 11 do Silva S.D.

A nosa relación como compañeiras sempre foi boa, tanto persoal como futbolisticamente. A nosa amizade mellorou este ano, realmente aprendo moito deste equipo, pero de Nair aprendín que "o traballo en equipo é importante, pero o compañeirismo é sempre preferible. Sen dúbida, as vitorias lógranse cando hai traballo e amizade".

Paréceme unha persoa moi honrada e humilde, sempre preocupada polo resto das xogadoras, ds que sempre está aí para botarche unha man.

Tampouco descarto que sexa cabezona, pero grazas a esa teimosía moitas de nós seguimos aquí.

Sorprendeume no partido contra o Bergantiños, cando íamos perdendo e estabamos de cabeza baixa. Ela botou o balón no medio do campo e dixo: "A ver, si no queréis jugar, quedaos en casa". Sempre dixen que merecía unha das capitanías. Realmente ela é unha veterana dos pés á cabeza e se moitas temos que aprender é da actitude de Nair.

Sempre din que os deportes de equipo e os clubs acabando sendo como da túa propia familia; para min Nair, a día de hoxe, é mais que unha compañeira do Silva.

Tatiana Túdez Parra (Silva S.D.)

Nair Yadira Lage García

A Coruña

24/08/1994

Dianteira

Equipos

2016/17

Silva S.D.

(2ª División Galega)

2017/18

Silva S.D.

(2ª División Galega)

Fotos: © Silva S.D.

Comprometidas

No que atinxe á igualdade, Noruega é un país que sempre estivo á cabeza no seu compromiso polo respecto á muller. Unha vez máis deron unha lección ao mundo cando a federación de fútbol anunciou un acordo para que as súas seleccións nacionais, feminina e masculina, pasasen a recibir as mesmas pagas por representar á nación no terreo de xogo. Os homes consideraron lóxicas as demandas das súas colegas e aceptaron reducir as súas ganancias, das que unha parte procede dos dereitos de imaxe e explotación comercial de diversos produtos.



“Noruega é un país onde a igualdade é moi importante para nós. Penso que isto será bo, tanto para o país como para o deporte”, declarou Joachim Walltin

(foto 1), representante da unión nacional de futbolistas. O capitán da selección masculina, Stefan Johansen (foto 2), indicou que lles pareceu correcto facer iso por mor da desigualdade numérica. “Somos privilexiados, non foi difícil dicir si. Hai diferenzas xigantes e espero que isto poida axudar. Coído que debemos ser tratados iguais. Queremos que o fútbol noruegués avance e a selección feminina é tan importante coma a nosa. Non xogamos na selección por cartos”. Caroline Graham Hansen (foto 3), unha das xogadoras máis importantes da selección norueguesa, estaba feliz por esa determinación. “Quizais iso que fixestes sexa algo pequeno para vós, non o notaredes nos vosos salarios, mais iso significa todo para nós, para o noso equipo, para o noso deporte. Cando eles dixeron que realizar un pagamento igual era o correcto case me fixeron chorar e quixen apertar a todos. Grazas aos futbolistas da selección masculina por dar ese paso, por amosar esa igualdade e axudarnos a perseguir os noso soños”.



Nos resultados históricos resulta evidente que a selección forte de Noruega é a feminina, xa que foron campioas mundiais en 1995 e subcampioas en 1991, medallistas de ouro nos Xogos Olímpicos do ano 2000 e de bronce en 1996 e venceron en dúas ocasións a Eurocopa (1987 e 1993), na que tamén lograron tres subcampionatos.

O exemplo noruegués

Lembremos que as futbolistas estadounidenses tamén protestaran diante da federación pola desigualdade, sendo elas as que os fornecían de maiores ingresos por ter maiores logros que os homes, e finalmente conseguiran os seus propósitos. Non pedían a equiparación salarial, mais pasaron a gañar un 30% máis e con posibilidades de aumentar a cifra se logran bos resultados deportivos.



Un modesto equipo inglés, Lewes FC, deu exemplo cando decidiu ofrecer o mesmo salario para os integrantes dos seus cadros feminino (que participa na Terceira División da Premier League) e masculino (que compite na oitava categoría nacional), sendo o primeiro club do mundo en facelo.

Segundo por Escandinavia, as xogadoras da selección dinamarquesa non xogaron un partido de clasificación ao Mundial 2019 fronte a Suecia porque reclamaban á federación igualdade na suma de diñeiro que debían cobrar en comparanza coa asinada polos seus colegas masculinos. Malia que os xogadores cederon parte do seu salario, as condicións económicas aínda non eran as mesmas. A comisión de Control, Ética e Disciplina da UEFA decidiu excluír á selección feminina de Dinamarca das súas competicións durante un período de catro anos por non presentarse a xogar o encontro e, ademais, deberán pagar unha sanción de 20.000 euros. As dinamarquesas son as actuais subcampioas europeas.

Texto: Óscar Losada

Fotos: 1 © FIFPro; 2 e 3 © Wikipedia

Vintage: O chándal da seleccionadora

Unha persoa, un escenario e agora un obxecto. O terceiro capítulo *vintage* non deixa de ter unha historia singular. Posúe un valor histórico de xeito intrínseco e comezou a ter unha vida especial o mércores 26 de decembro do 2007. Chegou a nós como un agasallo da súa propietaria para agrandar a nosa colección de camisolas de clubs, aínda que desde aquel mesmo día fixémoslle saber a Pili Neira, quen nolo regalou, que o seu lugar final debería ser, se algunha vez se crease, o Museo do Fútbol Galego.

Trátase do seu primeiro chándal como seleccionadora galega absoluta, o que levaría un día despois en Balaídos, cando a irmandiña absoluta reaparecera tras 21 anos e medio de ausencia. Por iso o seu valor testemuñal e emocional.

O normal sería facer un deses artigos conmemorativos daquel evento, agora que se cumpren dez anos do mesmo, recuperar o valor do seu significado e do seu lugar na historia do deporte feminino galego, da xestión do evento e de todas esas historias que se translocen das fotos oficiais, a do equipo coa bandeira estendida no chan, a da recepción no Concello de Vigo, ou de sons como as das seleccionadas escoitando o himno ou o das bancadas aumentando o barullo ao tempo que o partido contra Cataluña ía correndo.

Imos facer algo moi diferente e da man do chándal contar unha das moitas intrahistorias daqueles dous días que sumadas, parafraseando á propia seleccionadora, “foron tan surrealistas que poderían servir de guión para unha película de Almodóvar”.

Por suposto que foron “uns días emocionantes”, di Pili Neira evocando aquilo. “Desde que chamaran para nomearme seleccionadora até o propio día do partido eu estiven nunha nube. As roldas de prensa e os actos oficiais, con Fernando Vázquez e Arsenio Iglesias, que dirixían a selección masculina, o momento de escoitar o himno galego en pé, diante do banco, xunto ás xogadoras suplentes e o resto do equipo técnico, toda aquela vivencia encheume de felicidade, sendo unha das cousas máis emotivas que sentín no deporte.”

Sen embargo, houbo outra parte da historia que poucos coñecen, polo menos até esta publicación. Foi, como di

ela, digna dunha comedia e, por horas, até traxicomedia.

“A organización tratounos moi ben, non escatimou esforzos para que nos sentíramos como calquera profesional do fútbol, desde a estancia no hotel, os equipamentos deportivos, o deseño dos actos, a convivencia de igual a igual coa selección masculina. Precisamente, na véspera do partido foi cando nos deron a roupa. Non faltaba de nada, o equipo tiña dúas camisolas, unha para o primeiro tempo e outra para o



segundo. Aí foi precisamente cando recibín ese chándal.”

Era normal que as rapazas e o equipos técnico estiveran unha nube. Todo era marabilloso e chegou a noite. “Despois de cear fomos tomar algo no propio hotel o médico da selección, Lis Franco, que estaba no equipo técnico, e máis eu. Nada extraordinario, uns cafés e un refresco antes de subir a durmir ás habitacións. Eran as seis da madrugada cando me espertou un membro da expedición. Desde outra das habitacións pedía que a socorrera, que se atopaba moi mal. Alí fun correndo todo o que dei. Realmente estaba moi mal, tiña vómitos e non conseguía normalizarse. Recomendáronnos darlle un Aquarius. A cafetería do hotel estaba fechada, puxen a roupa a baixe para atopar unha máquina de bebidas ou un *after hours*, pero non había nada aberto. Horas antes do partido estaba dando voltas por Vigo procurando unha bebida isotónica e cunha compañeira nunha situación que podía ser grave, pasándoo moi mal na habitación do hotel. Ao final atopei unha cafetería que abría e conseguín a bebida. O mellor foi que a persoa que estaba doente recuperou perfectamente e puido estar no campo de fútbol aquela tarde.”

Ese contratempo non ía ser o único estraño que viviu Pili Neira naquel día especial. O seguinte acontecería xa dentro do campo. “Cando chegamos a Balaídos, ao entrar nos vestiarios, tíñannos disposta unha caixa con máis roupa para as xogadoras e o corpo técnico. Repartímola e como aínda era moi cedo, levei a miña ao coche. Deixáranme un deses que abrían con tarxeta e resultou que esquecera o código. O problema non era para ese momento, senón para o remate do partido, cando tivera que volver a Coruña. Menos mal que era un xoves! Tiven que chamar á Renault para que viñeran a desbloquearmo e poder abrílo. Logo viñeron os momentos emotivos, a saída dos vestiarios e o que comentei ao comezo. No campo non había moitos seareiros, foron aumentando na medida que ía transcorrendo o xogo, tendo en conta que logo xogaríaa selección masculina contra Camerún. O partido estaba sendo transmitido pola televisión galega. Pouco despois de comezar o segundo tempo achegouse ao banco unha persoa relacionada coa organización. Naquel momento non souben que dicir, salvo a sorpresa típica dos casos. Viñeran dicirnos que a segunda parte ía durar 35 minutos por temas de programación televisiva. Na grella dese día o telexornal tería lugar entre os dous partidos e, polo que fose, tiñan que facer iso para encaixalo. Pasado o momento pensas no absurdo de recortar o encontro por iso, pero naquela hora estás metida na túa responsabilidade no partido e non te paras a analizar iso, por moi sorprendente que pareza.”

E así foi, chegados ao minuto 80, por orde da TVG, a colexiada viguesa Elena Casal Fernández, actualmente na Primeira División feminina, asubiu o remate do encontro. Tras os saídos protocolarios, a retirada aos vestiarios e o momento da ducha, Pili Neira saíu un rato do recinto para fumar e asimilar os momentos especiais que acababa de vivir. Polo seu lado pasaban máis seareiros que acudían ás portas de entrada ao campo para seguir enchendo as bancadas cara o partido da irmandiña de homes, pero non era unha anónima para todos. “A xente pasaba en dirección ás entradas e entre eles mirei para un lugar desde onde me chamaban: Seleccionadora, seleccionadora! Era un grupo de sete persoas. Aínda lembro ben o número. Estaban algo prexudicados, vestían a camisola da selección e un par deles con pequenos engadidos morados por algúns lugares da mesma. Pedíronme se lles podía dar entradas. Eu tiña as das nosas xogadoras e pensei que como xa estaban dentro, non as precisaban. Mirei no peto e saqueilles sete pases sen darlle máis importancia. Alá entraron cantando e camiñando cun certo abaneo. Uns dez minutos despois soou o meu móbil. Era o vicesecretario da Federación Galega, Benxamín Amido. Preguntábame algo alporizado se eu regalara convites a alguén. Conteille que si e aínda alporizouse máis. Collín outro dos

convites que aínda me quedaban e mireinos con atención. Agora entendía o alporizamento de Benxa. Acababa de regalar pases de zona VIP a sete rapaces algo bébedos, que probablemente estaban fóra de lugar en canto chegaron ao palco. Creo que lles deron uns bocadillos para que o corpo se lles asentara mellor e os acomodaron nunha tribuna próxima. Imaxina aos rapaces naquel estado, entrando na zona VIP, coa xente da Secretaría Xeral para o Deporte e da Federación Galega tentando resolver o problema do diñeiro que reclamaban os xogadores de Camerún á súa federación para xogar o partido. Eu aínda agradecín o retraso do comezo do partido masculino para que a entrada dos “meus convidados” á zona VIP non dera máis problemas.”

Por fin rematou a xornada. A xente foi abandonando as bancadas, os focos foron apagándose, os xornalistas, os dirixentes, as xogadoras, xogadores, técnicas, técnicos, árbitras e árbitros foron deixando o recinto e os responsables de Balaídos fecharon as portas.

Pili Neira subiuse ao seu Renault para regresar á Coruña con esa sensación agrídoce. No medio do traxecto volveu soar o celular. Era xa tarde, moi tarde, e só podía ser alguén da familia. Mirou a pantalla e a mesma foi iluminada por un nome: Marta Souto. “Traguei saliva, aparteí o coche a un lado da estrada e parei mentres me preparaba para o peor. Na miña cabeza só estaba o asunto das sete entradas da zona VIP. A Secretaria Xeral para o Deporte ía lerre a cartilla e, neses brevísimos instantes, comecei a pensar no bonito que foi a experiencia e o pouco que me duraba. Desliguei o teléfono tentando asimilar o meu cese sen descompor a voz cando me tocara asumilo. Marta e máis eu queríámonos ben e a súa aposta polo deporte feminino foi unha constante desde que chegara ao cargo. Respirei. A súa voz estaba entre tranquila e satisfeita, consciente de que acababa de resolver o problema de Camerún, de que a irmandiña feminina resucitara e de que o partido da masculina, malia o susto de última hora provocado polos xogadores africanos, acabara xogándose. Eu, que esperaba o cese, atopeime coa súa desculpa por non poder saudarme en todo o día. Volvín respirar, despedímonos como outras veces e no medio dunha noite estrelada continuei a viaxe ao meu fogar. Cando cheguei, saquei o chándal, ese que foi testemuña de todas estas cousas, e fun durmir feliz polo que me acababa de dar o fútbol.”

Fotos: © Revista do Fútbol Feminino Galego

Comarcal Sub'15: Primeira fase

Cambados volveu dar unha chiscada ao fútbol feminino, en realidade ao fútbol de base, organizando a primeira fase dos campionatos comarcais na categoría sub'15. O evento desenvolveuse no campo do Pombal, moi perto dun lugar senlleiro na historia do fútbol cambadés, o solar no que se erguera o desaparecido campo de La Merced.

Sete partidos compuñan o punto de partida dunha competición na que A Coruña defendía o título logrado a finais do pasado mes de xuño, tras derrotar en Boiro a Santiago.

Foi precisamente o combinado santiagués quen abriu o torneo nun encontro no que se enfrontou a Pontevedra. O choque foi gañado polas da capital galega. Noela, autora do primeiro gol da competición nesta campaña, adiantou ás santiaguesas no minuto 23 e Andrea Vigo, dez minutos despois, completou o triunfo superando a Tania, guardarredes do At. Arousana.

Ourense incorporábase á competición tendo que afrontar un partido contra un dos favoritos. Así foi que en dez minutos, Vigo tiña solucionadas as incógnitas sobre o gañador tras as dianas da sardomista Peque e de Sara Álvarez. Cara ao remate, outra xogadora produto das Relfas, Paula Lorenzo, definiu o 3-0. No feche do primeiro bloque de encontros, Ferrol deu unha relativa sorpresa superando pola mínima a Lugo. Un tanto de Uxía Cabada cando corría o minuto trece serviu para que as ferrolterráns contabilizaran os seus tres primeiros puntos.

A segunda serie de xogos permitía estrearse á Coruña na reedición da final anterior. As herculinas repetiron o éxito fronte as santiaguesas cun resultado non tan avultado como aquel 4-0. En Cambados quedáronse pola metade, logo dos goles de Yáñez e Aroa, a mellor goleadora do grupo I da Segunda División Galega.

Pola tarde, a competición continuou co encontro entre os dous combinados da provincia de Pontevedra. Vigo estivo máis acertado que o cadro da capital provincial. Chegouse ao remate do partido cun 0-2 grazas á puntería de Elena Montero, autora dos dous tantos, o primeiro deles de penalti.

Ourense obtivo a súa primeira vitoria no partido contra Lugo. As seleccións que representaban ás provincias interiores, as menos desenvolvidas do fútbol feminino galego, celebraron un encontro disputado. As ourensás tomaron vantaxe con goles de Carmen Carballada e Letizia Hermida. Xiana González foi quen reduciu finalmente a diferenza, superando á meta ourensá Alexandra Arias.

O feche da xornada, A Coruña deu conta de Ferrol no encontro máis goleador da xornada cambadesa. O comezo do encontro foi electrizante, con goles de ambos equipos. Primeiro marcou a atacante do Imperator Aroa, pero axiña igualou Uxía Cabada. Aroa Guerra apuntou o seu dobrete no minuto trece, antes que Marta Calvo asinara o 1-3 para A Coruña. Nora Pérez recurtou a diferenza cun penalti no que superou a Lara Sánchez, xogadora do C.D.F. Orzán, quen é a porteira menos goleada do grupo I da Segunda División Galega. O partido fechouse co 2-4 a prol das herculinas marcado pola victorianista Yáñez.

COMARCAL SUB'15 - 1ª FASE
O POMBAL PEQUENO (Cambados, 01/01/2017)

	SANTIAGO	2	0	PONTEVEDRA	
	VIGO	3	0	OURENSE	
	LUGO	0	1	FERROL	
	A CORUÑA	2	0	SANTIAGO	
	PONTEVEDRA	0	2	VIGO	
	OURENSE	2	1	LUGO	
	FERROL	2	4	A CORUÑA	

CLASIFICACIÓN PROVISIONAL

POS	SELECCIONES	X	GOL	PTS
1	VIGO	2	5-0	6
2	A CORUÑA	2	6-2	6
3	SANTIAGO	2	2-2	3
4	FERROL	2	3-4	3
5	OURENSE	2	2-4	3
6	LUGO	2	1-3	0
7	PONTEVEDRA	2	0-4	0



Ferrol



Ourense



Vigo



Lugo



A Coruña



Pontevedra



Santiago

Fotos: © Real Federación Galega de Fútbol

Roberto Ricobaldi: asesor de futbolistas

Sempre tentamos que a entrevista principal, xeralmente correspondida coa capa, pertenza a unha muller e que, ademais, sexa futbolista ou técnica galega. Algunha vez fixemos excepcións e así, das 50 portadas anteriores só un dez por cento foron homes, o ex seleccionador español, Ignacio Quereda, e catro técnicos galegos, David Iglesias, Charly García, Tony Pazó e Diego Fernández. Neste caso ampliamos a nómina para achegarvos unha faceta descoñecida, a do axente de futbolistas. Poucos hai no fútbol feminino español e non nos consta ningún que exerza decididamente como tal en territorio galego. Por iso debemos acudir á capital do estado, a Madrid, que é onde se atopa o cuartel xeral do noso protagonista: Roberto Ricobaldi.

Como se che ocorreu ser axente de xogadoras?

Sempre gostei do fútbol e quería experimentar as miñas fórmulas de traballo de asesor no terreo do fútbol feminino. Este sector do fútbol está comezando co que era un espazo moi propicio e aberto a criterios diferentes dos que se aplican na intermediación do fútbol masculino, no que xa hai condutas moi estandarizadas ás que se acostumou o mercado. A situación da muller no fútbol axudoume a partir desde cero cunha perspectiva diferente, entendendo á futbolista non como un obxecto exclusivamente con valor económico, senón principalmente como un ser humano que ten ilusións, que precisa unha atención regular, non só nos períodos nos que se move o mercado, e que necesita do noso asesoramento, tendo ao lado, na maioría dos casos, a unha persoa da súa confianza. Tanto eu como a outra persoa que forma parte deste lado do proxecto, Jesús Pastor, pretendimos traballar sobre principios como humanismo, proximidade, sobre todo en situacións nas que unha futbolista está lonxe da familia, e transparencia na xestión, para que a xogadora e a súa persoa de confianza saiban en todo momento a situación do seu contrato. Cremos que é a mellor fórmula nun contexto de baixos salarios e cun futuro que pode ser prometedor. Por iso nós queremos sementar para o futuro. Formar parte do proceso de crecemento e estar posicionados desde este momento para que as futbolistas nos coñezan e valoren o noso traballo con elas. De iniciar isto dentro de cinco anos é probable que o fútbol feminino sexa doutro xeito e a nosa fórmula máis humanística podería non competir contra

comportamentos establecidos, igual que acontece no fútbol masculino.



Roberto Ricobaldi e Carla Bautista

Estiveras antes no fútbol masculino?

Si. Alí a xente só se move por diñeiro. É un mercado con moitos mecanismos repetitivos que se veñen dando desde hai uns trinta anos. É difícil cambiar tendencias. Desilusioneime e entendín que era un prezo emocional que non debía seguir pagando, tendo en conta a miña paixón polo fútbol.

Desde cando estás no mercado do futfem?

Desde abril do 20016.

Como foron os teus primeiros movementos?

Xa podes imaxinar. Entras nun mundo no que non coñeces a ninguén e no que tampouco te coñecen. Comecei contactando con xogadoras e técnicos a través das redes sociais, fundamentalmente facebook e instagram. O pouco que ía facendo tentaba dimensionalo por estes medios para que as futbolistas puideran observar o que estaba facendo e virán os pasos que daba cada vez que conseguía a representación dunha futbolista. Intentaba con iso que a xogadora tamén tivera unha proxección normalizando unha relación de asesoramento, o que para elas era unha novidade. Cando as contactaba, o seguinte paso era estender a relación a un familiar delas. A miña pretensión é dar sempre seguridade á representada e para iso, sobre todo se son novas, nada mellor que incorporar a algún adulto da súa confianza, a un familiar, porque iso axuda a dar fluidez á confianza necesaria. Despois, o tradicional boca a boca serviu para poder chegar a máis futbolistas. Nisto é fundamental que o teu traballo sexa serio, rigoroso e que elas vexan que ti lles dedicas o tempo que necesitan de ti coa máxima profesionalidade. Neses momentos non me formulei dedicarme a xogadoras

dunha ou outra categoría. Cando comezas necesitas xuntar un número de representadas sen pensar se son de Primeira ou de Segunda. Logo, segundo a calidade que teñan, xa moverei os seus nomes entre os clubs para poder mellorar a situación das miñas futbolistas, tanto económicas como deportivas. Tampouco podía limitarme a un área xeográfica, quedarse con xogadoras de Madrid era insuficiente. Necesitas viaxar, que te coñezan en Oviedo, en Granada ou en Alicante, e contactar tamén con técnicos e dirixentes de clubs. Necesitas mostrarte, facerte familiar para as persoas que toman decisións e demostrarlles que es unha persoa seria, para cando toque traballar con eles mostrándolles futbolistas que poden precisar. É necesario explicarlles a túa filosofía, que te vexan como unha persoa honesta e que ten os pés no chan, no sentido de que non lle vas vender falsas ilusións a ninguén, especialmente ás que poden ser máis vulnerables nese sentido, as futbolistas.

Cal foi a túa primeira xogadora de Primeira División?

Inicialmente, Neus Llinares, que con 19 anos xa estaba no Valencia. Nese verán, Patricia Padilla, que caera co Logroño na fase de ascenso, entendeu que eu podía axudala xestionando a súa carreira e leveina ao Fundación Albacete. Foron as dúas primeiras.



Con Neus Llinares e a colexiada Ainhoa Remón

Pasado ano e medio, quen son os teus principais nomes?

Pois ampliamos a nosa faixa de idade. Xa non só temos rapaciñas prometedoras que poidan estar nas seleccións españolas sub'17 e sub'19. Nese sentido pónoche tres exemplos: Carla Bautista, a xogadora de 17 anos do At. Madrid, que malia a súa xuventude nesta campaña acumula a súa terceira temporada na Primeira División, Marta Peiró, a futbolista do Valencia que tamén forma parte da española sub'19, e

entre as experimentadas temos a María José Pérez, a canaria de 33 anos que este ano volveu ao Granadilla tras o seu paso polo Levante. Neste momento demos un salto cualitativo e cuantitativo importante. Temos a case cen futbolistas representadas. Das mesmas, 38 están na Primeira División distribuídas en 14 dos 16 equipos da Liga. Só no Barcelona e no Athletic non temos aínda futbolistas.

Tes algunha galega?

Si, Cárol (Carolina González), que este ano xoga no Sp. Huelva.

Es ti o responsable do paso de Carolina do Oiartzun ao cadro onubense?

Non. Cando contactei con Cárol, o Sp. Huelva xa se dirixira a ela. O cadro andaluz falara con Cárol en marzo ou abril, nun momento no que o Oiartzun estaba xogándose a permanencia. A xogadora, por esa circunstancia, pediulles tempo para centrarse no Oiartzun e falar cando se resolvera a Liga. O Sp. Huelva, pasadas dúas semanas, preferiu buscar outras opcións. O meu único papel no cambio de equipo da xogadora foi nunha conversa con Antonio Toledo. Aínda non atoparan esa xogadora que buscaban, eu acababa de incorporar a Cárol ao grupo de representadas e recuperei o seu nome. Antonio Toledo amosou seguir interesado na futbolista e retomaron as conversas, pero con Jose, o irmán da xogadora, como fixeran meses antes. Posteriormente, nós simplemente revisamos as condicións do contrato e todo estaba ben. Cárol está no Sp. Huelva por méritos propios. Ese é un exemplo real do que falei antes. Cárol é unha xogadora á que represento, pero na vinculación está tamén unha persoa de confianza, neste caso o seu irmán.

Como son os contratos que se poden asinar entre as túas representadas e os clubs?

É imposible establecer un modelo de contrato igual porque van estar suxeitos a circunstancias particulares que rodeen aos clubs e ás xogadoras. Por exemplo, se levo ao Betis a unha xogadora desde a provincia de Sevilla vai asinar un contrato de menor cantidade que se esa mesma xogadora fose desde o País Vasco. É importante ser moi claro e que ao explicar isto as futbolistas o entendan para que non pensen que eu quero especular con elas. Todo o contrario. Nas circunstancias do fútbol actual preocúpome máis en deixar á futbolista na mellor situación posible que nos meus beneficios. Nós só cobramos unha porcentaxe da ficha á xogadora se lle conseguimos un contrato anual por unha cifra igual ou superior aos 20 mil euros. Neste momento só temos unha xogadora nosa que se mova nestas cifras. Cando se trata de cifras inferiores traballamos doutra maneira, con cantidades que serían arredor do 10% da ficha. É importante facer a

aclaración de que non queremos reducir o salario que poida ter a xogadora. O que facemos é negociar co club e que sexa a entidade quen nos pague esa cantidade. Imaxinemos que conseguimos que unha xogadora nosa fiche por un equipo e que este lle dea dez mil euros anuais. A futbolista vai cobrar exactamente iso, só que a maiores negociaremos co club para que lle pague once mil. Ese incremento de mil euros será o que nos cubra os custos de viaxes e de xestión e, se cadra, nos dea algún beneficio.

Canto lle falta ao fútbol feminino para ser plenamente profesional?

É importante que neste momento vaia asemellándose máis ao masculino. Polo momento, e en relación a antes, houbo grandes avances, pero como é lóxico cando algo nace precisa que as achegas non paren. É preciso que se establezan salarios mínimos para Primeira e para Segunda División, que a LFP continúe tutelando e amparando economicamente o progreso facendo máis investimentos, conseguir máis fluxo de diñeiro con novos patrocinadores e controlar que o diñeiro de patrocinio para o fútbol feminino non saia do futfem. Igualmente, en temas infraestruturais, cómpre mellorar as instalacións. Recentemente saíu a noticia de que os vestiarios do campo do Sp. Huelva non dan para recibir neles un equipo completo de Primeira División debendo repartilo en dous, algo que é impensable e incompatible cunha imaxe de primeiro mundo futbolístico e para unha liga que pretende ser importante. Tamén penso que é preciso que a Primeira División deixe os campos de herba artificial polos de herba natural. Hai partidos importantes que xa teñen como escenarios o Vicente Calderón, San Mamés, Mestalla ou o Ciutat de València, pero na Primeira hai máis equipos que xogan en cidades deportivas que non resultan atractivas por non ser espazos coidados na súa escenografía e incluso incómodas para os afeccionados. Por outro lado, entrando no eido da xestión, é preciso incorporar persoas competentes. No fútbol español temos un club con dous referentes: Lola Romero e María Vargas, presidenta e directora deportiva do At. Madrid. Son dúas persoas fundamentais, neste momento, que cren firmemente no fútbol feminino, víveno intensamente e a súa calidade humana e profesional lles permite sempre atopar solucións fronte a calquera dificultade.

Dadas as circunstancias, só paga a pena traballar para a Primeira División, non si?

Non tanto así. Ao principio contábache que para nós é máis importante o futuro e o benestar da xogadora que outra cousa. Isto é aplicable a calquera categoría. Neste momento de salarios baixos ou nulos, como en moitos equipos de Segunda División, sempre podes atopar recursos, descubrir xogadoras interesantes, e tamén

técnicos, pois nós tamén representamos a técnicos e técnicas para logo tentar colocalos na máxima categoría. Non podemos permitirnos unha visión reduccionista centrándonos só na Primeira División porque é onde se move máis diñeiro. Diciache que nós sementamos para o futuro e por iso calquera xogadora en calquera categoría pode ser importante para representala e asesorala.



Hai moitos axentes especializados no fútbol feminino en España?

Non. Eu creo que dedicados exclusivamente ao fútbol feminino sobran os dedos dunha man para contabilizalos. Acontece que están incorporándose outros desde o fútbol masculino. A Liga, co patrocinio, empeza a mover máis diñeiro e iso atrae a máis xente. Este tipo de xente mantén as vellas fórmulas do fútbol de homes. Na maior parte destes casos entenden á futbolista como unha oportunidade de negocio e só van preocuparse dela na medida dos beneficios económicos que lles poida proporcionar un traspaso. Sei de xogadoras que se deixaron ir polo nome da empresa que a podía representar asinando contratos de dous anos e despois sentíronse abandonadas ao observar que non se preocupaban da súa situación, co problema engadido de que non podían romper o vínculo establecido polo contrato bianual de representatividade. Nós, nese sentido, pretendemos darlle máis liberdade á xogadora. Non a condicionamos con contratos de varios anos, senón dun, salvo que ela ou a súa familia suxiran que sexan máis. Non pretendo establecer prisións contractuais. Ese vínculo máis aberto dá máis liberdade ás xogadoras e reforza o principio de confianza.

Como organizas o teu tempo de traballo?

Podo establecer esta filosofía de traballo da que levo falando porque a representación e asesoramento de futbolistas e técnicos ou técnicas non é o meu traballo principal. Eu traballo noutra cousa que é o que me dá a estabilidade económica. Teño a sorte de que este traballo me permite combinar o tempo co da miña paixón: o fútbol. Neste eido intento organizar o traballo de xeito que poida controlar a todas as miñas xogadoras. O que fago é mirar que partidos teñen, tanto as de Primeira como as de Segunda División e gravo todos os encontros que transmiten para velos ao momento ou durante a semana. Vivir en Madrid, onde hai tres equipos, facilítame as cousas, sobre todo para o contacto directo. Por aquí todos os equipos de

Primeira División teñen que pasar tres veces e iso permítame tamén estar en persoa coas miñas futbolistas. En todo caso, sempre estou atento por se teñen algún problema para poder resolverllo. Outra cousa que fago durante a temporada é ir ver as fases dos campionatos de seleccións autonómicas sub'16 e sub'18. Alí tamén coñezo seleccionadores e establezo unha relación cos que poden.



Con Leire Fernández e Ane Etxazarreta

Cantos quilómetros podes facer durante unha temporada?

No coche uns dez mil, pero tamén teño que sumar outros que fago no AVE.

É difícil representar xogadoras españolas que xoguen en importantes ligas europeas?

Si, sobre todo porque non hai tantas que lles interesen aos grandes equipos. Se miramos este anos, nas grandes ligas temos a Vero Boquete, Irene Paredes ou Jenni Hermoso no PSG, a Virginia Torrecilla no Montpellier ou a Eli Sarasola e Ana Romero no Ajax. Non son tantas as exportables. Esta temporada só saíu Jenni. Para isto é moi importante o papel que teña España no próximo Mundial de Francia. Creo que no futuro, co grupo de futbolistas que veñen da sub'19 e sub'17, será máis sinxelo.

Hai moitos clubs de Primeira División que non controlen o mercado e dependan do que lles leve un axente?

Pois si. É normal que os equipos non teñan olleiros e descoñezan xogadoras talentosas que se moven pola Segunda División. Baséanse en relacións de amizade, en chamadas aos seleccionadores territoriais ou xogadoras que coincidiran con algunha noutros lugares para un posto que necesiten cubrir no equipo. De feito, xeralmente non che preguntan por alguén en concreto, ou teñen unha lista de xogadores que prioricen, senón que che preguntan por posicións. Por exemplo: Tes

unha lateral esquerda? Se ao final se produce un cambio estrutural nas competicións, e a Segunda deixa de ter sete grupos para reducirse a dous, norte e sur, será máis fácil. Haberá unha concentración de calidade na categoría e será máis doado, por esa lei de selección natural, ter un maior control sobre xogadoras que aínda non chegaran a Primeira.

Móveste tamén fóra da competición española?

Si, en varios países. Non levando xogadoras de alí, pero xa establecendo vínculos que poidan facilitarme esa posibilidade no futuro. Na actualidade, a única excepción é Blanca Rubio, unha futbolista de 22 anos que se formara no At. Madrid e que pasou polo Canillas. Este ano está no Boavista portugués. En Portugal tamén teño relacións co Valadares Gaia, o mesmo que co Brescia e o Verona en Italia, o Wolfsburg e o Turbine Potsdam en Alemaña ou o Tottenham Hotspur en Inglaterra. Neste momento estou coa posibilidade de fechar un acordo de cooperación cunha intermediaria holandesa. Teño pendente unha viaxe a Amsterdam. Iso ampliará o campo de acción das xogadoras que represento ou a posibilidade de que contacten con equipos españois para que incorporen xogadoras procedentes do país que acaba de gañar a Eurocopa. Tamén colaboramos cunha empresa fundada en Cataluña, I-ConSports, para abrir camiños a xogadoras que queiran ir xogar e estudar aos Estados Unidos como bolseiras. Esa empresa foi creada por dous tenistas que decidiron ampliar o seu campo de acción ao fútbol e que tamén mantén vínculos de colaboración coa Fundación Rafa Nadal. Nós sempre animamos a futbolistas a que barallen esa posibilidade, que a desenvolvan por este camiño e con esta xente, que é moi profesional. Salvo que xogues no Barcelona ou no At. Madrid, ou esteas na selección absoluta, é moi beneficioso optar por esa vía porque nos Estados Unidos acabarás volvendo cunha cualificación profesional moi valorada e formaraste mellor futbolisticamente grazas ao modelo de treinos que hai nas universidades, ampliando os teus recursos tácticos no plano colectivo e desenvolvendo outras variantes baseadas na forza, converténdote así nunha xogadora máis poderosa fisicamente. Pero xa pola nosa conta facilitamos o camiño inverso, o de xogadoras españolas que se formaron nos Estados Unidos e que queren volver. Nese sentido nós abrímoslles posibilidades buscándolles equipos con contratos.

Ultimamente hai un fluxo de xogadoras que chegaron á Liga española desde América do Sur. É complicado establecer unha rede alí?

Manteño contactos nesa área tamén, pero non hai nada concreto. Cando estableces unha relación o factor principal é a confianza para ter unha fiabilidade. Hai

pouco me chamou unha empresa que se dedica a traer xogadoras a España desde Brasil, xeralmente internacionais. Parecíame interesante até que descubrí que moitas desas futbolistas xa teñen representantes para Europa en Portugal. Paralicei o asunto porque non me parece serio. A duplicidade de representantes só pode facer que perdas credibilidade diante dos clubs, que se debilite a imaxe da túa profesionalidade. Escribinlles para esixir a representación con exclusividade para Europa, pero non me responderon cun documento formal.

Nas grandes competicións vemos tamén xogadoras africanas asombrosas. Chawinga vén de ser a mellor goleadora da liga sueca. Sabes algo dese mercado?

Non. De África non controlo nada. Résultame complicado porque para entrar nese mercado precisas establecer relacións e confianza con alguén.

O fútbol ten moitos recantos escuros. Hai moitos enganos?

Si, aproveitándose da desinformación das xogadoras, por exemplo. Ou na condición de asinar contratos bianuais. Non te podes atar a unha persoa que non coñeces durante 24 meses da túa vida, pero tamén se dá iso nos equipos. O que acontece é que como aquí somos tan poucos, todos nos coñecemos e sábese o que este ou aquel lle fixeron a tal xogadora, ou cando se pagan comisións moi raras.

Está ben regulado o sector dos axentes de xogadoras?

Digamos que hai dous tipos de axentes, os federados, con carné FIFA, e os que están por fóra dando asesoramento unido a representación. Nun caso están regulados pola normativa que sae do organismo futbolístico mundial e no outro pola lei da oferta e a demanda e a lexislación civil con documentos baseados na confianza mutua. Ser axente FIFA non significa que teñas contactos axeitados ou sexas mellor profesional.

A mirada da LFP cara o fútbol feminino é un ben ou un mal necesario?

Confío en que sexa un ben necesario pensando en que o traballo que se faga desde esa institución vai dar máis relevancia ás futbolistas e ao traballo e esforzo que realizan diariamente, investindo unha gran cantidade de horas para mellorar.

O fútbol é un negocio. Poden chegar a ser contraditorios os intereses do fútbol masculino e os do feminino?

Agora mesmo penso que non. O fútbol feminino está tan lonxe do masculino que a achega deste, sobre todo cando falamos da elite, é o mellor que lle podía pasar a aquel. É certo que no futuro poden darse situacións

puntuais nos que se dea un choque de intereses, pero iso creo debería ser regulado en cada caso. É certo que se un club masculino arrastra unha crise, a mesma acabe provocando a desaparición do seu equipo feminino. Hai que impedir iso porque o custo de poñer en marcha un cadro feminino debe tamén ter proteccións especiais que non dependan das flutuacións do mercado do grupo masculino.

Na pasada campaña estiveches no Galegas Norte – Sur. Que che pareceu o evento desde a perspectiva do teu traballo?

Moi interesante. Este tipo de actos axudan a crecer o fútbol feminino porque tamén supoñen unha vitrina mediática. A min facilítame ver en acción máis xogadoras boas porque están concentradas nun partido. Por iso sorprendéronme futbolistas como Andrea Mirón, que fixo un gran partido e nunca a vira xogar. A única pena é que non puideran participar xogadoras como Mari Paz, que estaba convocada pola selección española absoluta, ou que o Deportivo non deixara participar no encontro ás súas xogadoras.

Puידeches facer algún contacto?

Si. Eses eventos propician iso. En Cambados coñecín, entre outros, a Manu Sánchez, técnico do Deportivo, e a dous presidentes, Geluco Villar, do Friol e Cristian González, do Atlántida Matamá.

É necesaria a creación de eventos deste tipo dentro do proxecto de crecemento do fútbol feminino en España?

Si. Partidos destes ou campus son fundamentais. Nós estamos barallando a idea de montar un campus en Cataluña. Estas cousas aproximan ás xogadoras novas coas da elite, que en moitos casos son os seus ídolos. Recentemente temos vivido con moita proximidade o campus que organiza Beíta, a futbolista do Betis, así como asistir á súa escola de tecnificación. Como sucede co Galegas Norte – Sur, iso axúdanos a ver e contactar xogadoras e técnicos, e que elas comecen a ter unha primeira toma de contacto co noso xeito de traballar.

Para rematar e pensando na utilidade. Se algunha futbolista busca asesoramento ou quere que a representes, onde debe dirixirse?

Pode contactarme en Ricobaldi Soccer, a través de instagram, ou a través do meu móbil, +34 635 618 669.

Fotos: © Ricobaldi Soccer Women's Management

Galegas de Primeira

Novembro

ANA BUCETA Rodríguez - Levante U.D.



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÓN

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
8	4	L-ZARAGOZA 5-1																		
9	11	FUND. ALBACETE-L 1-0																		
10	18	L-R. SOCIEDAD 1-1																		
		ANTERIOR	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
			0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

ANAIR Lomba Álvarez - Valencia C.F.



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÓN

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
8	5	GRANADILLA-V 0-0	1				1	1								1				45
9	12	V-BETIS 5-2	1	1				1	1											90
10	18	SEVILLA-V 1-3	1					1	1											8
		ANTERIOR	7	4	2	3	7	2												388
			10	5	2	5	10	3	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0		531

CAROLINA González Portela - Sp. C. Huelva



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÓN

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
8	4	BARCELONA-H 3-0	1					1	1											33
9	12	H-ZARAGOZA 1-1	1					1	1											13
10	19	MADRID-H 2-1	1	1	1				1											75
		ANTERIOR	7	3	3	4	7													289
			10	4	4	6	10	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	410

María de la Paz Vilas Dono "MARI PAZ" - Valencia C.F.



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÓN

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
8	5	GRANADILLA-V 0-0	1	1					1											90
9	12	V-BETIS 5-2	1	1					1	1										90
10	18	SEVILLA-V 1-3	1	1	1				1											82
		ANTERIOR	6	5	3				5	3										326
			9	8	4	0	8	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	588

María de la Paz Vilas Dono "MARI PAZ" - España



COPA DO MUNDO - FASE DE CLASIFICACIÓN (ZONA EUROPEA)

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
2	24	SERBIA-E 1-2	1						0											
3	28	E-AUSTRIA 4-0	1					1	1											4
			2	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4

Paula Domínguez Encinas "PAULETA" - Sp. C. Braga



LIGA PORTUGAL - NACIONAL

XR	DATA	PARTIDO	COM			PARTIDOS			TOT			PENALES			GOL		CARTÓNS			MINUTOS
			VOC	TIT	SUB	SUP	P	TDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	ROGADOS			
5	5	VILAVERDENSE-B 1-1	1					1	1											30
6	11	VALADARES-B 1-4	1	1					1	1										90
7	18	B-QUINTAJENSE 15-0	1	1					1	2										90
		ANTERIOR	5	4	1	1	5	1												368
			8	6	1	2	8	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	578

SUPERTAÇA	1	1	1	1	1	1														78
-----------	---	---	---	---	---	---	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	----

Sara González Rodríguez "SARITA" - U.D. Granadilla Tenerife



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÃO

XR	DATA	PARTIDO	COM	PARTIDOS			TOT	PENALES					GOL			CARTÓNS			MINUTOS
				VOC	TITUS	SUB		SUPL	PTDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	KOGADOS	
8	5	G-VALENCIA 0-0	1	1	1		1												89
9	12	AT.MADRID-G 2-0	1	1	1		1												57
10	19	G-BARCELONA 1-0					0												
		ANTERIOR	7	5	3	2	7									2			467
			9	7	5	2	9	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	613

SHEILA Sánchez Pose - FFC. Vorderland



LIGA AUSTRIA - 1.BUNDESLIGA

XR	DATA	PARTIDO	COM	PARTIDOS			TOT	PENALES					GOL			CARTÓNS			MINUTOS
				VOC	TITUS	SUB		SUPL	PTDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	KOGADOS	
8	4	Y-NEULENBACH 1-0	1	1			1												90
9	12	STURM-V 6-0	1	1			1												90
		ANTERIOR	6	6	1		6	2							1				518
			8	8	1	0	8	2	0	0	0	0	0	0	1	0	0		698

ÖFB LADIES CUP

XR	DATA	PARTIDO	COM	PARTIDOS			TOT	PENALES					GOL			CARTÓNS			MINUTOS
				VOC	TITUS	SUB		SUPL	PTDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	KOGADOS	
18	19	CARINTHIANS-V 2-1					0												
		ANTERIOR	1	1	1		1												57
			1	1	1	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	57

Verónica Boquete Giadán "VERO" - Paris Saint-Germain F.C.



LIGA FRANCIA - D1

XR	DATA	PARTIDO	COM	PARTIDOS			TOT	PENALES					GOL			CARTÓNS			MINUTOS
				VOC	TITUS	SUB		SUPL	PTDS	GM	G	E	GR	PP	A	DA	VD	KOGADOS	
8	4	P-MONTPELLIER 3-1	1				0												
9	18	O.MARSEILLE-P 2-5					0												
		ANTERIOR	6	2	1	4	6												258
			7	2	1	4	6	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	258

Elena CASAL FERNÁNDEZ - Delegación de Vigo



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÃO

XR	DATA	PARTIDOS	COM	PARTIDOS			TOT	PENALTIS			CARTÓNS								
				1	X	2		PTDS	A FAVOR			LOCAIS			VISITANTES				
				LOC	VIS	TOT		A	DA	V	A	DA	V	A	DA	V			
9	12	ATL-GRA 2-0	1			1			0	1									
		ANTERIOR	1	1	1	3			0	4	1				6				
			2	1	1	4	0	0	0	5	1	0		6	0	0			

Zulema GONZÁLEZ GONZÁLEZ - Delegación de Ourense



LIGA ESPAÑA - PRIMEIRA DIVISIÃO

XR	DATA	PARTIDOS	COM	PARTIDOS			TOT	PENALTIS			CARTÓNS								
				1	X	2		PTDS	A FAVOR			LOCAIS			VISITANTES				
				LOC	VIS	TOT		A	DA	V	A	DA	V	A	DA	V			
10	19	BET-ATL 2-4				1	1	1	1		2				1				
		ANTERIOR	3			3			0	5				4					
			3	0	1	4	1	0	1	7	0	0		5	0	0			

Campos de fútbol

Sara Pita

Segundo a Real Federación Galega de Fútbol existen actualmente 1.035 campos de fútbol en Galicia. Algúns non teñen nin coordenadas no gps, outros gozan de verdes tan verdes coma o do poema de García Lorca; uns posúen vestiarios do tamaño dunha caseta de can e outros duchas para un equipo de bádminton. Trátareivos de sinalar, grosso modo, as características máis salientables das instalacións nas que tiveron a sorte, ou a desgraza, de xogar ou adestrar ao longo de todos estes, e non son poucos, anos.

O mais clásico terreo é o campo “de terra”. E poño terra entre aspas porque existen diversos tipos: de pedras, de barro, de pedrolos, con montículos, con montañas ... Sorte teríamos os que practicamos deporte neles se só houbera terra. Non só é unha tortura para os nosos xeonllos e nocellos, senón que non hai deterxente nin lavadora que limpe esa roupa. Un exemplo é o campo da Zapateira na Coruña, cun terreo que alberga un compendio de materiais (area, terra, pedras e ata herba) e varias subidas, baixadas e buracos sorpresa. Un pack completo para aventureiros en busca de lesións.

Se os nosos pesadelos son os campos de terra, os nosos mellores soños transcorren nos campos de herba. O problema é que poucos están en bo estado e os que están ben non se conservan nesas condicións para os encontros dos equipos femininos. Tiveron a sorte de xogar unha final de Copa Galicia no Campo do Roxo, en Cerceda, unha auténtica alfombra, coidado e uniforme. E tamén tiveron a desgraza de xogar en campos coma o Municipal de Oseiro, na Coruña. Tocoume xogar nun día moi chuvioso, non se podía sacar dende o medio, nin sequera dentro do círculo, porque parecía que caera un meteorito, e sacábase dende un lateral do medio campo. O partido rematara 3-4, así que imaxínade a de saques de centro que houbo.

Nos últimos anos cobraron moito protagonismo os campos de herba artificial e caucho. Substitúese a area rompe xeonllos de campos coma Samil, onde xogaba o S.R. Casablanca, por caucho. Algúns con caucho ata dicir basta, coma o Víctor Fernández Alonso, na Coruña, outros duros coma pedras, como o campo das Relfas, e outros que levan fibra de coco, un material similar ao caucho en seco, pero que en mollado consegue dar unha sensación como de terra, quedando

todo cheo de “barro” e resultando bastante incómodo xogar neles.

O tamaño tamén é algo no que se diferencian os terreos de xogo. Campos que son futbolíns, coma o Municipal da Rega, en Tordoia, e campos que parecen interminables, como os de Oliver e Benji, caso do Torre 2, na Coruña.

E que sería dos campos sen as súas correspondentes bancadas? Aínda que pareza mentira, non todos as posúen. E hai outros, nas que os arquitectos parece que obtiveron os títulos nas tómbolas. As gradas da Barrosa, en Vilvestro, nas que cae a chuvia sempre, a pesares da cuberta, e nas que a bancada está do lado dos bancos para os suplentes e corpo técnico. Ao igual que as gradas do novo campo da Torre 1, sen cuberta, do lado dos bancos e a pé de campo.

Hai equipos que fan dos seus recintos un auténtico fortín, xa sexa polas dimensións, pola afección ou polo terreo en si. Un exemplo é o campo do extinguido Portosín, no que o equipo local levaba case todos os puntos posibles. As liñas para a demarcación do xogo estaban feitas por alguén que lle dera previamente ao alpiste, o campo tiña fochancas suficientes para agochar a Tutankamon e os balóns Mikasa non faltaban naqueles encontros.

Outro hándicap para os equipos visitantes nestes fortíns son os accesos aos vestiarios, que ás veces semellan ser probas de atletismo. É o caso de Penedo da Moo e os seus vestiarios de abaixo, nos que cómpre subir escaleiras infernais para acceder ao campo e nas que lles facemos un fraco favor aos nosos xemelgos.

Nas instalacións deportivas practícanse outras disciplinas con menor número de xogadores, pero en fútbol 11, rugby ou hóckey, precísanse vestiarios un pouco amplos, pois os planteis poden chegar ás 25 xogadoras. Cando falo da amplitude dos vestiarios, falo tamén do número de duchas, que algunha vez miramos de repartilas, e parecen dar unha cifra negativa. E das cinco duchas que nos ofrecen, dúas non funcionan e unha é de auga fría. E sorte se as outras dúas non teñen a auga fervendo, ou sen auga quente. Non hai termo medio. Chorros que acaban con unha e chorros que non mollan nin estando dez minutos debaixo.

Os bancos tamén varían moito dunhas instalacións a outras. Podemos sentirnos afortunadas cando posúan asentos e protección para a chuvia ou a calor, onde calquera prenda serve para facer un hiyab co que protexer as nosas cacholas do sol. Os máis rurais son unha táboa de madeira á intemperie e os máis

modernos gozan até de respaldo e un chanciño para poñer os pés.

A localización dos campos ás veces é case imposible. Perdidos no medio da nada, rodeados de árbores, animais e estradas secundarias. O peor non é atopar o campo, o peor son as pobres xogadoras locais que teñen que ir buscar os balóns cando se embarcan e a saber que se atopan polo camiño.

No apartado dos vestiarios tamén posuímos os dous extremos en canto a tamaños. Algúns tan pequenos que teñen que ceder dous vestiarios aos visitantes, como sucedía no campo de Meixoeiro, en Vigo; e outros tan grandes que cabemos todas nós sen ter que xogar ao tetrís, coma no Pahíño de Vigo ou en Sinde, no Val. En canto ás instalacións, os mellores que probei foron os do estadio de San Lázaro, en Santiago de Compostela, amplos, con case unha ducha por persoa e até calefacción.

O peor dos vestiarios non é o tamaño reducido. Para min o máis grave é atopalos sucios. As paredes húmidas do vapor, nas que tes que colgar a roupa do revés porque senón se molla, os restos da festa do caucho por todo o vestiario e as duchas, inundadas. Non hai cousa máis repugnante que ter que ducharse nun vestiario encharcado, cos pelos da nena de “The Ring” pululando ao seu libre albedrío polo chan. Os enchufes que non funcionan -imposible secarse o pelo en case todos os vestiarios- e espellos nos que non te ves fan da estancia neles unha odisea en toda regra.

E que sería dos campos galegos sen as súas correspondentes cantinas?. Case sempre rexentadas por persoal bastante agradable e cheas a rebordar nos descansos dos partidos. Ás veces hai tanta xente que non chegan os quince minutos do descanso para comprar algo. Bochinches nos que podes tomar dende un café con pinguíñas ata un elaborado menú do día. Gastar un euro ou vinte, todo depende dos compromisos que teñas para invitar aos demais seareiros e do apetitosa que sexa a vitrina do bar.

Falar dos campos que nos tocan visitar forma parte da axenda do día. Primeiro nos adestramentos e de forma grupal, logo por teléfono e/ou redes sociais en privado. O día do encontro sempre se fala do bus sobre o terreo de xogo, os vestiarios, os asentos dos bancos ou as duchas que nos van tocar. Pero un dos momentos máis

bonitos que nos deixa o fútbol é chegar ao campo, pisar o verde, aínda equipadas coa roupa de paseo, entrar no vestiario, seguir criticando ou loando as instalacións, protestar porque non hai papel nos baños, porque están sucios ou porque a entrada é de portas de cocíña semellantes ás do Oeste, permitindo que se nos vexa espidas cada vez que entra alguén mentres quedan batendo durante varios segundos.



Foto: © Revista do Fútbol Feminino Galego

Técnica de carreira (e II)

Verónica Giráldez Costas
(Grado Ciencias da Actividade Física e do Deporte)

David Rodriguez
(Grado Ciencias da Actividade Física e do Deporte,

Master de Readaptación en Lesións Físico-Deportivas)

Nesta nova entrega veremos a continuación ao traballo de técnica de carreira. Unha vez detallada a técnica e a súa execución procederemos a realizar os diferentes exercicios e as súas progresións para unha mellora da técnica de carreira.



Ilustración 1. Técnica de carreira con pica.

Na imaxe, tal e como vemos, atopámonos á deportista executando un skipping cunha execución de xeonllos a 90°, realizando unha pisada forte que fai que despegue o pé contrario reactivamente. A execución destes exercicios pedirase con total calidade de execución, gardando a *triple extensión*, progresando de menos rápido a máis rápido. Un óptimo traballo sería 4x 10 metros.



Ilustración 2. Técnica de carreira con pica sobre cabeza.

A progresión e o traballo neste exercicio ten que ser a mesma que no exercicio anterior, procurando unha correcta execución. Este exercicio conlevará unha

maior activación dos estabilizadores, que permitirá á deportista transmitir moito mellor as forzas cara aos membros inferiores (Bosch, 2015).

Tal e como nos indica Fran Bosch, preparador físico de diferentes equipos de rugby e preparador físico da velocidade no West Ham United entre outras ocupacións laborais, o traballo ten que ser lento pero seguro e cunha progresión que a atleta poida soportar, pasando da implementación de métodos estables cunha pica a métodos con carga, que supoñan para a deportista un novo estímulo que a faga mellorar.



Ilustración 3. Lastres con 80% da carga.

No exercicio que vemos a continuación, procédese a un traballo da *triple extensión* en posición inclinada, limitada pola carga que fará que traballe a forza e, á vez, a técnica de carreira xunto aos brazos. Ao se tratar dunha cargada elevada, o traballo recomendando será de 2 series de 10 metros cun descanso de 1 minuto entre series.



Ilustración 4. Cambios de dirección.

Nestes exercicios buscaremos a máxima técnica posible, xuntando cunha progresión de menor a maior intensidade. Para optimizar o tempo e o espazo pódese realizar un triángulo de 10 metros de cada lado, no cal traballaremos 2 series por lado. Para poder aumentar a intensidade podemos situar un chaleco lastrado unha vez que se asimile a técnica correcta e así poder dar máis intensidade a ese compoñente de mellora da forza.

FORZA DE DESPRAZAMENTO E SALTO. NIVEL XERAL	
OBXECTIVO CONDICIONAL	MÉTODOS E MEDIOS DE ADESTRAMENTO
Forza resistencia	<ul style="list-style-type: none"> - Adestramento en circuíto - Método intermitente. Forza xeral - Forza secuencial xeral
Forza máxima	Factores neuronais. Coordinación intramuscular <ul style="list-style-type: none"> - Esforzos máximos: 3-5 x 3-5 R. 75-85% RM - Método intensidades máximas II - Método cargas reactivas: Pilometría - Método piramidal - Método contrastes
Forza velocidade	Factores neuronais. Coordinación intermuscular <ul style="list-style-type: none"> - Método esforzos dinámicos - Pilometría - Método contrastes - Series repetidas - Costas - Arrastres - Lastres - Dispositivos elásticos

FORZA DE DESPRAZAMENTO E SALTO. NIVEL DIRIXIDO	
OBXECTIVO CONDICIONAL	MÉTODOS E MEDIOS DE ADESTRAMENTO
Forza resistencia	<ul style="list-style-type: none"> - Método intermitente forza dirixida (Accións técnico-tácticas xerais orientadas á posición da xogadora)
Forza velocidade	Factores neuronais. Coordinación intermuscular <ul style="list-style-type: none"> - Pilometría - Método contrastes + accións técnico-tácticas - Arrastres 1x1, 2x1, 2x2, 3x2 ... - Dispositivos elásticos - Forza secuencial dirixida <p style="text-align: right;">Duración curta: 5-10 seg.</p>
Resistencia á forza velocidade	Factores neuronais. Coordinación intermuscular <ul style="list-style-type: none"> - Pilometría - Método contrastes + accións técnico-tácticas - Arrastres 1x1, 2x1, 2x2, 3x2 ... - Dispositivos elásticos - Forza secuencial dirixida <p style="text-align: right;">Duración media: 15-30 seg. Duración longa: 30 seg a 90-120 seg.</p>

FORZA DE DESPRAZAMENTO. NIVEL ESPECIAL	
OBXECTIVO CONDICIONAL	SITUACIÓNS DE XOGO
Resistencia á forza de xogo	<ul style="list-style-type: none"> - Fútbol en superioridade e inferioridade numérica: 3x2, 4x3 - Fútbol en espazos amplos pero con poucas xogadoras 2x2+P, 4x4+P - Fútbol utilizando marcaxe individual

FORZA DE SALTO. NIVEL ESPECIAL	
OBXECTIVO CONDICIONAL	SITUACIÓNS DE XOGO
Resistencia á forza de xogo	<ul style="list-style-type: none"> - Fútbol 3x3+P, 4x3+P, iniciando con balón arriba, porteiro obrigación de sacar coa man lanzando arriba - Ataque por defensa, centros e remates ou despexes en situacións 2x2, 3x3

Nomes e números Novembro

Primeira vez que o Val Miñor Pereiró fai catro goles



Non lle serviu de moito porque acabou caendo en Bueu tras apañar seis, pero o 01/11/2017 foi o día no que o Pereiró, logo da fusión co Val Miñor na pasada temporada, logrou catro goles nun partido. Antes da mesma, o conxunto vigués acostumaba a asinar boas clasificacións e incluso golear chegando, na derradeira como Rápido Pereiró, a facerlle un 15-0 ao Balaídos ou un 15-1 ao Salcedo, como cifras máis salientables. A última vez que ese Pereiró marcara catro ou máis tantos fora o 01/05/2016, cando ao recibir ao extinto Mamis colocáralle un 10-0 na xornada 31 da sesión 2015/16.

Noe (Bergantiños), cara e cruz



Noe Amarelle xa está na historia do Bergantiños por ser a futbolista que fixo o primeiro gol oficial na historia do club de Carballo na súa versión feminina. Fora un gol simbólico, o da honra vermella na goleada recibida diante do Silva o 11/09/2016. Campioa galega coa comarcal coruñesa sub'15, acostuma ser unha goleadora circunstancial. Na pasada campaña asinou tres nas xornadas 1, 8 e 23, contra o referido Silva (5-1) e nas dúas vitorias contra quen parece ser o seu rival fetiche, o Eirís (2-1 e 0-2). Na xornada 6 do presente exercicio, no encontro no que as carballeas recibían ao Sp. Burgo (05/11/2017), Noe abriu o marcador no minuto 51 para poñer en vantaxe ás vermellas, iniciando sete minutos de loucura que se intermediaron no minuto 55 co empate de Marta Tacón e remataron no 57 cun novo tanto de Noe, pero esta vez na propia porta.

Marta, primeiro gol do Carral

O Carral era o último equipo que faltaba no grupo II en lograr un gol na presente Liga e o momento demorou un bocado. Tivo que ser contra o seu compañeiro de protesta da pretemporada, o Betanzos, no encontro correspondente á xornada 4.



Co partido sentenciado no Borja Rodríguez Ans, chegaba o minuto 82 e o momento no que Marta Barbeito superaba a Uxía Balsa para facer o 1-5. O Betanzos acabaría metendo outros tres nos derradeiros oito minutos para fechar cun 1-8 un día diferente para as carralenses, que tras 352 minutos de competición celebraron a primeira diana do club.

Segundo 1-4 de Pauleta

Os dous primeiros goles da redondelá Pauleta serviron para subir ao marcador os mesmos díxitos: 1-4. A curiosidade da repetición produciuse logo que a mediacentro do Sp. Braga batera a Mariana Ferreira, no encontro da xornada 4 disputado contra o



A-dos-Francos xogado no Luís Duarte de Caldas da Raíña. Un mes e tres días máis tarde, na visita arsenalista ao feudo do Valadares Gaia, correspondente á xornada 7, Pauleta logrou o seu segundo gol ligueiro 2017/18, que na secuencia do encontro volveu ser o 1-4.

O Val, dez partidos para o primeiro punto

Tiveron que pasar dez partidos para que o único equipo da delegación de Ferrol, O Val, lograra o seu primeiro punto da temporada. O conxunto naronés, que foi perdendo futbolistas nos últimos anos, está sufrindo na



competición ao ter que incorporar deportistas que veñen doutra modalidade diferente, o fútbol 8, e precisan dun amplo tempo de adaptación cando se integran no fútbol regulamentado pola FIFA. Por riba, a portería está sendo defendida por xogadoras non especialistas na función de guardarredes. Foi no partido contra o Deportivo B, con Esthefany como sexta meta da temporada, no

que conseguiron o primeiro punto na competición logo de empataren sen goles diante das herculinas. As táboas non disimulan o peor comezo ligueiro das valexas ao longo da súa historia. Como engadido, o 0-0 é un resultado que O Val non colleitaba desde a Liga 2015/16, cando visitaran ao Monte Forte no Luis Bodegas o 17/01/2016.

O Torre B marcou tras 617 minutos



Marián, de penalti, no minuto 77 do encontro que as arlequinadas xogaron contra o Sp. Burgo, puxo fin á seca goleadora do equipo, que se prolongou durante case sete partidos completos. No campo da

Lavandeira, despois de que o ex Terceira División Brun Pintor sinalara os once metros por unha cambadela na área sobre a propia Marián, a futbolista do Torre B bateu a Raquel Vallo inaugurando o apartado goleador no seu equipo. Malia todo, o Torre B caeu por 4-1. O campo de Lavandeira e o Sp. Burgo están na historia do cadro herculino por seren o primeiro lugar e o primeiro equipo contra o que o segundo conxunto branco e celeste xogou o seu primeiro partido oficial (0-0 o 11/09/2016).

Tamara (Bergantiños) repite outros catro contra o Sp. Cambre



Na pasada campaña o Bergantiños comezou a súa andaina no futfem. En poucos partidos ficou evidenciado quen sería a súa referencia ofensiva. Na segunda xornada, na goleada por 11-0 ao Sp.

Cambre, Tamara García liderou o capítulo anotador das de Carballo con catro dianas. O dato acabou por ser o do maior número de tantos logrado nun partido por unha xogadora do cadro dirixido por Gueli Sotelo. No pasado mes, no empate a catro das vermellas no Dani Mallo de Cambre, Tamara repetiu a marca persoal facendo todos os tantos do Bergantiños. Seguro que o Sp. Cambre non a quere ver diante.

O Deportivo supera o récord do Aguiño

Se en outubro eran 13 os que o Deportivo lle facía ao Vimenor, en decembro ampliou a marca persoal co 16-0 ao Llanera. O resultado é o máis amplo das ligas españolas estatais en territorio peninsular até o 11/11/2017. Tamén serviu para que a venezolana Keka Moreno anotara catro goles nun partido, dous de penalti, desde a súa chegada a Galiza. A súa compatriota Gaby Moreno (2), Míriam (3), Laura (2), Estefanía (2), Jone (2) e Peke, completaron a goleada. Co resultado establecen a maior goleada lograda por un equipo galego no segundo chanzo do fútbol español, superando o 16-1 do Aguiño ao Peña Cetenaria Athletic C. O encontro das barbazás contra as ponferradinas data do 14 de setembro do 2003. Na Tasca marcaran Charo (5), Carla (4), Susú (3), Carmen (2), Leticia e Mon. Cristina fixera o da honra berciana no minuto 80. O que, polo momento, non lle van sacar ás de Aguiño é que aquela foi a mellor estrea na categoría dun equipo galego.



Peke (Deportivo) pasa a marca de Eva da 2010/11

A dianteira do Deportivo Peke superou a marca de goles en partidos de Liga consecutivos no grupo no que militan os equipos galegos na Segunda División. Aconteceu no derradeiro encontro de novembro, cando a ex atacante do Santa Teresa lograba o 2-0 do cadro galego sobre o Sp. Gijón no minuto 52. Nese instante, Peke facía un gol por décimo primeiro encontro consecutivo, mellorando a cifra da berciana Eva, que na campaña 2010/11, cando defendía as cores do Ponferrada, marcara en dez xornadas seguidas, desde a 14 á 23. Nas dez últimas campañas, entre as mellores secuencias neste marco da Segunda vinculado aos equipos galegos aparecen Lucía García, do Reocín, quen marcara en nove consecutivas na 2009/10 (entre a 16 e a 24), o mesmo que a propia Eva, tamén co Ponferrada, no seu mellor comezo ligueiro a este nivel pois marcara nas nove iniciais da 2012/13. Unha cifra máis abaixo, con oito partidos consecutivos



anotando, volvemos atopar a Eva, desta co Friol, na 2014/15, o mesmo que Isina (Oviedo Moderno) no pasado exercicio, Clo (El Olivo) na 2015/16, Irene del Río (Oviedo Moderno) na 2011/12 e Rosalía, do mesmo emblema de Vetusta, na 2008/09. Voltando a Peke, e para completar os seus datos, só falta dicir que tamén marcou nos dous partidos que xogou correspondentes á Copa RFGF e que na actualidade é a mellor goleadora nesta competición con seis dianas.

Pereiró, primeiro partido oficial coa porta a cero e primeiro *hat trick*



Desde que o Rápido de Pereiró se xuntara á Escola Deportiva Val Miñor sempre rematou os partidos recibindo gol. Na pasada campaña, nin Claudia Villar (3 goles nun partido), nin Elisabeth Fernández (116 en 18), puideran evitalo. Na presente, tras catorce partidos de Liga, nin a propia Elisabeth (52 en 11), Yanira Alonso (25 en 2) e Claudia Villar (14 nun) foran quen de deter esa secuencia negativa. Pero a historia tivo finalmente o seu remate no pasado 26 de novembro. Enfrontarse ao Gondomar era unha oportunidade, xa que o cadro condal era o terceiro menos realizador do grupo. E así foi. No campo das Cercas, cando arredor das dúas menos un cuarto Souto Prado asubiu o final, Elisabeth Fernández converteuse na primeira guardarredes do Pereiró en rematar un partido sen que o equipo recibira un gol, interrompendo unha xeira negativa de 33 partidos oficiais. O 0-4 tamén serviu para que María Gayoso asinase o primeiro *hat trick* do conxunto valmiñorense.

Catro goles en seis minutos



Os seareiros que foron ao Boiro-Viajes Interrías, da décimo segunda xornada da Primeira División Galega, tiveron a sorte de ver un feito infrecuente: catro goles en seis minutos. O partido comezara cun pleno de efectividade ofensiva, pois os dous equipos marcaron nos seus primeiros ataques. Tras o 1-1 do minuto catro, despois de vinte minutos de sosego, chegou o paroxismo do gol. No minuto 24, Ainhoa adiantou ás do Salnés,

no 25 Marta puxo o 1-3, no 28 María reduciu para as do Barbanza, e no 29, a brasileira Raiane (foto) celebrou o 2-4. O partido remataría con 3-5.

Chawinga, a mellor goleadora non evita o descenso



Non será habitual que falemos de casos de lonxe pero este é, cando menos, salientable. Falamos da liga sueca, que contempla como o Kvarnsveden perdeu a categoría malia ter a mellor goleadora da Liga. A falta de tres xornadas para o remate, o equipo situouse penúltimo malia o meritorio empate na casa contra o líder,

Linköpings, resultado que, por certo, lle serviu para garantir o título. Co que non contaban en Borlange era con que o equipo que tiñan por abaixo, Göteborg, sorprendera na visita ao campo do terceiro, Eskilstuna (1-5). En calquera caso, o que chama a atención é que a muller que liderou a táboa das goleadoras da liga nórdica foi a dianteira do Kvarnsveden Tabita Chawinga. A de Malawi sumou 25 dianas, dez máis que a súa perseguidora, a finesa Sällström (Vittsjö). Aínda hai outro dato: dos 25 tantos de Chawinga, doce foron logrados como o primeiro tanto do equipo no partido e ningún deles conseguíuno de penalti.

As competicións



Copa de Europa 2007/08

O fútbol alemán recuperou a súa tradición hexemónica nunha competición continental de clubs, que recuperou o sabor das primeiras edicións coa presenza do Umeå na final a dobre partido contra o Frankfurt. Ambos clubs protagonizaban a final máis veces repetidas (3). O triunfo das alemás, ademais de outorgarlles o privilexio de ser o único equipo daquela cun trío de copas, servíalles para desempatar o duelo directo en finais contra o Umeå, colocando o histórico nun 2-1 a prol do conxunto da beira do Mena.

A edición 2007/08 non modificou os esquemas, aínda que a imaxe corporativa e a denominación do torneo parecían ficarlles obsoletas aos organizadores. Como viña sendo tradicional, a primeira fase comezaron os equipos máis desfavorecidos segundo a clasificación UEFA por países.

PRIMEIRA FASE

GRUPO A1 (Xogado en Siauliai e Pakruojis (LTU)).

	EVE	ZUC	GIN	GLE
EVERTON (ENG)	5-0	4-0	11-0	
ZUCHWIL (CHE)	---	6-0	5-1	
GINTRA (LTU)	---	---	2-1	
GLENTORAN (NIR)	---	---	---	

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
1 EVERTON F.C. Liverpool	3	3	0	0	20	0	9
2 F.C. ZUCHWIL	3	2	0	1	11	6	6
3 GINTRA UNIV. Siauliai	3	1	0	2	2	11	3
4 GLENTORAN F.C. Belfast	3	0	0	3	2	18	0

GRUPO A2 (Xogado en Toftir e Torshavn (FRO)).

	DEN	HON	KLA	VAL
DEN HAAG (NDL)	0-1	1-1	1-5	
HONKA (FIN)	---	4-1	1-2	
KLAKSVÍKAR (FRO)	---	---	0-6	
VALUR (ISL)	---	---	---	

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
1 K. VALUR Reykjavik	3	3	0	0	13	2	9
2 F.C. HONKA Espoo	3	2	0	1	6	3	6
3 A.D.O. DEN HAAG La Haya	3	0	1	2	2	7	1
4 KLAKSVÍKAR Í. Klaksvik	3	0	1	2	2	11	1

GRUPO A3 (Xogado en Neulengbach e San Polten (AUT)).

	HIB	MAY	NEU	GOL
HIBERNIAN (SCO)	8-0	3-4	4-1	
MAYO (IRL)	---	0-3	1-4	
NEULENGBACH (AUT)	---	---	8-1	
GOL (POL)	---	---	---	

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
1 SV. NEULENGBACH	3	3	0	0	15	4	9
2 HIBERNIAN F.C. Edimburgo	3	2	0	1	15	5	6
3 U.K.S. GOL Czeszochowa	3	1	0	2	6	13	3
4 MAYO LADIES LEAGUE Carlsberg	3	0	0	3	1	15	0

GRUPO A4 (Xogado en Osijek (HRV)).

	CAR	RAP	PRI	OSI
CARDIFF CITY (WAL)	0-2	0-2	1-2	
RAPIDE (BEL)	---	1-0	2-0	
1º DEZEMBRO (PRT)	---	---	7-0	
OSIJEK (HRV)	---	---	---	

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
1 FC. RAPIDE Wezemael	3	3	0	0	5	0	9
2 S.U. 1º DEZEMBRO Sintra	3	2	0	1	3	1	6
3 I.N.K. OSIJEK	3	1	0	2	2	10	3
4 CARDIFF CITY F.C.	3	0	0	3	1	6	0

GRUPO A5 (Xogado en Ljubljana e Domzale (SVN)).

	BAR	ATH	BIR	KRK
BARDOLINO (ITA)	1-0	16-0	5-0	
ATHLETIC (ESP)	---	16-0	4-0	
BIRKIRKARA (MLT)	---	---	1-5	
KRKA (SVN)	---	---	---	

	PX	PG	PE	PP	GF	GC	PTS
1 A.S.D. BARDOLINO Verov	3	3	0	0	22	0	9
2 ATHLETIC C. Bilbao	3	2	0	1	20	1	6
3 I.N.K. KRKA Novo Mesto	3	1	0	2	5	10	3
4 BIRKIRKARA F.C.	3	0	0	3	1	37	0

O grupo A1 tivo como sede Lituania. O Everton non deu opcións aos seus tres rivais, rematando a liguilla con tres vitorias e un dato elocuente da súa superioridade: 20 tantos a favor e ningún en contra.

